

Estás en: Axenda > Letras > Roteiro Literario con Euloxio Ruibal

Horario:

14 de xuño de 2011
20:00

Lugar:

Parque de Bonaval
(Punto de Encontro: Escultura de
Chillida)

Roteiro Literario con Euloxio Ruibal

Dentro do programa de roteiros literarios que organiza a concellaría de Cultura xunto coa Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Está previsto que o roteiro comece no parque de San Domingos de Bonaval e que remate na Praza do Toural Os participantes percorrерemos as principais rúas da zona monumental (Casas Reais, Preguntoiro, Rúa Nova, Rúa do Vilar...) e faremos paradas para ler, recitar ou cantar nas prazas máis representativas da cidade: praza de Cervantes, praza de san Martiño Pinario, praza da Quintana, praza do Obradoiro, praza de Mazarelos, praza da Universidade...

Tamén nos deteremos en espazos de especial simbolismo (Panteón de Galegos Ilustres) ou diante de edificios onde residiron insignes escritores (Murguía, Bouza Brey, López Ferreiro...). Sonarán versos trobadores composteláns (Bernal de Bonaval, Airas Nunes) alternados cos dos poetas máis recentes (Estevo Creus, Lupe Gómez, Yolanda Castaño, Carlos Negro).

E non só poetas, que tamén dramaturgos (Vidal Bolaño), narradores (Susó de Toro, Carlos Reigosa) farán oír a súa voz. Notábel presenza terán tamén escritores contemporáneos do meirande prestixio literario; xa pola súa estreita vinculación coa cidade compostelá (Lorca, Otero, Castelao...), xa por formar parte da súa veciñanza durante logo tempo (Novoneyra, García-Bodaño, Carvalho Calero, Ramón Piñeiro). Toda unha festa literaria e peripatética nos agarda.

O que vai vir

- Roteiro Literario con Marilar Aleixandre
28/06/2011

Dentro do programa de Roteiros Literarios que organiza a concellaría de Cultura xunto coa Asociación de Escritores en Lingua Galega.